WIKIPEDIA

Lingua unami

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **lingua unami** é unha lingua algonquina extinta falada no pasado polo pobo lenape. É unha das dúas linguas delaware, sendo a outra o munsee. O derradeiro falante fluído, Edward Thompson, da Tribo de Indios Delaware, morreu o 31 de agosto de 2002.[1] A súa irmá Nora Thompson Dean (1907–1984) tamén achegou valiosa información sobre a lingua ós estudosos antes de morrer.

Durante os século XVII e XVIII, o unami foi falado polos lenape no que hoxe se coñece como o estado de Nova Jersey, o sueste de Pensilvania e o norte de Delaware. Na década de 1860, o goberno dos Estados Unidos enviou a moitos lenape cara ó Territorio Indio (o actual estado de Oklahoma) baixo a política de deportación dos indios, e no presente tamén viven en Ontario e Oklahoma.

Unami	
Falado en:	Estados Unidos de América
Rexións:	Estado de Nova York e Vermont
Extinción:	2002[1]
Familia:	Álxico Algonquino Algonquino oriental Delaware **Unami**
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	--
ISO 639-2:	---
ISO 639-3:	unm (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=unm)



Mapa do territorio dos lenape cos límites entre o munsee e o unami.

Notas

1. Chambers, Steve. "The vanishing voice of the Lenape." (http://www.nj.com/specialprojects/lenape/lenape1.html) *Star-Ledger.* 17 Nov 2002. Consultado o 8 de decembro de 2013.

Véxase tamén

Bibliografía

- Goddard, Ives. 1979. *Delaware Verbal Morphology.* New York: Garland. [published version of 1969 Harvard University dissertation in linguistics] ISBN 978-0-8240-9685-4
- Goddard, Ives. 1997. "Pidgin Delaware." Sarah G. Thomason, ed., *Contact Languages: A Wider Perspective,* pp. 43–98. Amsterdam: John Benjamins Publishing Company. ISBN 978-1-55619-172-5

Vexa a proba da Wikipedia en ***Lingua***



unami (https://incubator.wikimedia.org/wiki/Wp/unm)